



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2024/25, convocada pola Resolución do 11 de xuño de 2024 (Diario Oficial de Galicia n.º 119, do 20 de xuño)

No Diario Oficial de Galicia n.º 119, do 20 de xuño de 2024, publicouse a Resolución do 11 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2024/25 entre o persoal docente dos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (código de procedemento ED002B).

No apartado terceiro da dita resolución establécese que, unha vez publicadas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar e do persoal docente interino e substituto excluído, concederáse un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva do persoal docente que ten a obriga de participar.

Con base nos citados apartados, e logo de revisadas as reclamacións, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e facer públicas as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2024/2025 (Anexo I-Primaria, e Anexo II-Secundaria e outros), convocada pola resolución do 11 de xuño de 2024 (DOG n.º 119, do 20 de xuño), por lista única cando proceda, e por especialidade, orde de prioridade e por colectivo.

Segundo. Contra esta resolución o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web desta consellería, dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade co Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa..

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

